

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

EXTRACTO da Orde do 15 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de axudas de mobilidade, complementarias ás achegadas pola Unión Europea, para o alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos no curso 2023/24 en países que teñen a condición de países do programa no programa comunitario Erasmus+ (código de procedemento ED417A).

BDNS (Identif.): 734564.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

O alumnado das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos no curso 2023/24 en países que teñen a condición de países do programa no programa comunitario Erasmus+.

Segundo. *Obxecto*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. *Orzamento e contía das bolsas*

O importe global previsto na orde é de 1.567.175,00 €.



As axudas terán a seguinte contía, en función dos grupos de países que teñen a condición de países do programa no programa Erasmus+:

- a) De 195 euros/mes para un país de destino do grupo 1.
- b) De 165 euros/mes para un país de destino do grupo 2.
- c) De 125 euros/mes para un país de destino do grupo 3.

No caso de existir remanente de crédito, unha vez distribuída pola Comisión Avaliadora a contía prevista no dito artigo 4.3, adxudicarase unha contía uniforme de 500 euros entre as persoas solicitantes que realicen unha estadia igual ou superior a cinco (5) meses, comezando desde os expedientes con maior nota media ata esgotar o crédito orzamentario.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

